

Tribunal cualificador do proceso selectivo para acceso á categoría profesional de condutor/a, grupo III, convocado por Resolución Reitoral do 4 de novembro de 2022 (DOG do 18 de novembro de 2022).

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo para o acceso á categoría profesional de condutor/a, grupo III da Universidade de Santiago de Compostela, en cumprimento da disposición da convocatoria que establece que *“Antes de realizar cada exercicio o tribunal deberá ter aprobados e publicados os criterios de avaliación e corrección”*, en sesión celebrada o día 28 de novembro de 2023, acordou o seguinte:

PRIMEIRO: Segundo establece o Anexo I da convocatoria o cuarto exercicio do proceso selectivo, **obligatorio e non eliminatorio**, consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 30 preguntas tipo test, máis 3 de reserva, con tres respostas alternativas das cales só unha será a correcta, propostas polo tribunal e correspondentes ao bloque de coñecementos non específicos do programa.

O tempo para a súa realización será de 40 minutos e valorarase de 0 a 5 puntos.

Estarán **exentas** de realizar este exercicio as persoas aspirantes que se presenten pola **quenda de promoción interna**.

SEGUNDO: As preguntas non contestadas, así como aquelas nas que se sinala máis dunha resposta ou non se poida distinguir a sinalada como correcta na folla de respostas que estea en poder do Tribunal, non computan. As respostas incorrectas non computarán negativamente.

TERCEIRO: As preguntas de reserva, numeradas da 31 a 33, entrarán por orde a substituír ás preguntas que puidesen ser anuladas no caso de estimarse reclamación sobre elas.

CUARTO: Para garantir o anonimato dos e das aspirantes non se permite ningunha marca, sinal ou sinatura na folla de respostas do exame que poida inducir á súa identificación. De facelo invalidarase o exame outorgándolle unha puntuación de 0 puntos.

QUINTO: O tempo para efectuar este exercicio será de 40 minutos. O Tribunal acordou que non se poderá abandonar a aula nin retirarse do exercicio antes dos primeiros 30 minutos e previa entrega do exame, nin 10 minutos antes da súa finalización.

SEXTO: Infórmase ás persoas aspirantes dos seguintes aspectos relacionados coa organización do exercicio:

- As persoas aspirantes deberá vir provistas de documentación oficial con fotografía, que permita a súa identificación (DNI, pasaporte ou carné de conducir)
- As persoas aspirantes deberán de vir provistas de **lapis do número 2 e goma de borrar**.
- **Non se poderá acceder á proba con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico. Non se dispón de ningún tipo de servizo ou depósito para recollida e custodia deste tipo de dispositivos non autorizados.**
- A entrada á proba será de acordo coa orde de chamamento que se iniciará a partir das 11 horas e comezará coa letra T.

O presidente do Tribunal
José Ramón Basante Barbazán

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JOSE RAMON BASANTE BARBAZAN, XEFE A DA SUBAREA ECONOMICA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 30/11/2023 10:11:59.

CSV: F498-0E33-4837-A662